



Exp: 47/07
ID: 3809

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data 21 de febreiro de 2007 adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Visto o expediente de clasificación como veciñal e man común de monte denominado Paradela, tramitado a solicitude dos veciños dos lugares da Merca, Merouzo Grande, Merouzo Pequeno, Vilar, Vilachá, Matusiños, Vilaboa e A Corredoira, resultan os seguintes

FEITOS:

Primeiro.- Con data 30 de decembro de 2005 tivo entrada no rexistro da delegación provincial da consellería do Medio Ambiente escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de veciños dos lugares da Merca, Merouzo Grande, Merouzo Pequeno, Vilar, Vilachá, Matusiños, Vilaboa e A Corredoira, parroquia de Santa María de Vilar de Paio Muñiz concello da Merca, no que solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños da devandita parroquia.

Segundo.- Con data 15 de marzo de 2006 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instructor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións ás que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período de un mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.- No prazo concedido para a práctica de alegacións o alcalde do concello da Merca solicita a exclusión do perímetro obxecto de clasificación do terreo onde se ubican as vivendas sociais construídas de acordo ao Plan Xeral de Ordenación Urbana, posto que soamente figura excluído parte, e tamén do terreo ocupado pola construción do tanatorio municipal.

O xurado provincial considera que ao tratarse de terreos cedidos ás administracións públicas para construción ou equipamentos que benefician a propia comunidade veciñal solicitante deben ser obxecto de exclusión, de acordo co plano realizado, polo servizo de Montes e Industrias Forestais e que se incorpora ao expediente.

Cuarto.- O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación obrante no expediente descríbese así:

Concello. A Merca (Ourense)

Denominación do monte: Paradela

Comunidade veciñal solicitante: veciños dos lugares da Merca, Merouzo Grande, Merouzo Pequeno, Vilar, Vilachá, Matusiños, Vilaboa e A Corredoira, da parroquia de Santa María de Vilar de Paio Muñiz, concello da Merca

Superficie: 41,76 ha, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: camiño público, estrada OUR-CV-70 e terreos do antigo Campo da Feira onde están construídas vivendas sociais.

Sur: camiño público.

Leste: camiño público e tanatorio municipal.

Oeste: camiño público.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- de conformidade co disposto no artigo 1 da devandita Lei "son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos membros daquelas na súa condición de veciños".

Terceiro.- É reiterada doutrina da sala contencioso-administrativa do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento ós veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña disfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.


Cuarto.- O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido reclamación ningunha de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros.

RESOLVE:

Primeiro: Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños dos lugares da Merca, Merouzo Grande, Merouzo Pequeno, Vilar, Vilachá, Matusiños, Vilaboa e A Corredoira, no concello da Merca, o monte Paradela coa descrición reflectida no feito cuarto.

Segundo: Que, en cumprimento do disposto no art. 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989 (citada) a presente resolución se notifique ós interesados no expediente e se publique no diario oficial de Galicia facendo constar que pode ser obxecto de recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/199, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativo.

The bottom of the page contains several handwritten signatures and initials. On the left, there are three distinct signatures: a simple horizontal line, a circular scribble, and a more complex signature with a large 'A' and 'P' characters. On the right, there is a large, bold signature with a long horizontal stroke at the top, and below it, another signature with a prominent vertical stroke and a wavy bottom.

